

Expte: 2195-232
Retirar: 05-12-2023



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
ECONOMÍA, INDUSTRIA
E INNOVACIÓN

Sr. Alcalde Presidente do
Concello de Vigo

LEVANTAMENTO DE ACTAS PREVIAS Á OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS EXPROPIADOS POLA EXECUCIÓN DO PROXECTO LMT TRO708, CT TOURAL"

De acordo co establecido no artigo 52.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa, achégolle o edicto polo que se convocan aos afectados pola execución da instalación eléctrica denominada LMT TRO708, CT Toural, para o levantamento das ACTAS PREVIAS Á OCUPACIÓN o día **23 de febreiro de 2024**, a partir das **11.30 horas** sobre o terreo.

O edicto deberá ser exposto ao público no taboleiro oficial de anuncios dese concello durante un prazo de oito días, debendo certificarse as datas de comezo e remate da exposición ao público, e achegar as alegacións que se produzan a este servizo territorial de Vigo.

Segundo o disposto nos artigos 52 da Lei de expropiación forzosa e 57 do regulamento de 26 de abril de 1957, as actas previas á ocupación levantaránse sobre o terreo, e deberá concorrer vostede como alcalde ou un concelleiro en quen delegue mediante o correspondente decreto. Posteriormente redactarase a acta definitiva na sala da casa do concello que vostede dispoña.

A xefa territorial

Beatriz López del Olmo

(Asinado en Vigo por sinatura dixital certificada na data que se indica na marxe)

Asinado por: LÓPEZ DEL OLMO, BEATRIZ
Cargo: Xefa Territorial
Data e hora: 20/11/2023 14:18:20

CVE: 5xCLQusdHNB
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA
Servizo de Coordinación Industrial
Praza da Estrela s/n
36201 Vigo



Resolución da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación dos bens e dereitos afectados pola instalación eléctrica denominada LMT TRO708, CT Toural, no concello de Vigo, do que resulta como beneficiaria a empresa UFD Distribución Electricidad, S.A., (expediente IN407A 2023/093-4).

A instalación denominada LMT TRO708, CT Toural foi declarada de utilidade pública mediante resolución do 26 de outubro de 2023, da Xefatura Territorial de Pontevedra, o que leva implícita a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados, tendo a condición de beneficiaria a empresa UFD Distribución Electricidad, S.A..

Segundo o disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e no art. 56.1 da Lei24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, comunícase que o día **23 de febreiro de 2024**, a partir das **11.30** horas, terá lugar sobre o terreo o levantamento das ACTAS PREVIAS Á OCUPACIÓN dos bens e dereitos contidos na relación de predios que se expón xunto con esta resolución e no taboleiro de edictos do concello de Vigo.

Os interesados recibirán unha notificación individual coa debida antelación legal, na que se lle comunicará a data e a hora na que deberán presentarse nas súas fincas, informándolles de que poderán ir acompañados por un perito ou un notario, pola súa conta, se así o consideran conveniente.

Cando as persoas propietarias ou titulares de dereitos sobre os predios afectados sexan descoñecidos ou se ignore o lugar de notificación, dirixiranse ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan destas, de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa. Neste caso, igualmente, de acordo co artigo 44 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, publicarase un anuncio no taboleiro de edictos único (TEU) do Boletín Oficial del Estado.

A xefa territorial
Beatriz López del Olmo
(Asinado en Vigo por sinatura dixital certificada na data que se indica na marxe)

LMT TRO708 CT Toural						
Nº	Referencia catastral	Titular	Nº apoio	m2 Solo	ml sub	m2 sub
1	5074721NG2757S0001AX	Descoñecido	CT	29,25	5,48	24,63

DILIGENCIA: Para hacer constar que el presente edicto estuvo expuesto en el Tablón oficial de anuncios de este Ayuntamiento, durante el plazo reglamentario.

Vigo, 05-12-2023
El Secretario General
P.A.
El Jefe del Registro General.

Jose Manuel Gonzalez Ucha

